



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Travesa de Basquiños 9 Baixo, 15704 Santiago de Compostela
Correo electrónico: adega@adega.info
Páxina web: www.adega.info
Tfno/Fax: 981 570099

COMPARATIVA SUBVENCIONS MEDIO AMBIENTE 2007-2008 (En *cursiva*, extractos literais dos DOG. En azul, comentarios de ADEGA)

DATA CONVOCATORIA:

Convocatoria 2007: Orde do 27 de decembro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, a entidades sen ánimo de lucro polo desenvolvemento de actividades relacionadas co medio ambiente, así como a súa convocatoria para 2007. **DOG nº 4, 5 de xaneiro de 2007**

Convocatoria 2008: Orde do 10 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro, para facilitar a súa participación en materia ambiental, así como a súa convocatoria para 2008. **DOG nº 119, 20 de xuño de 2008**

[Case sete meses de retraso con respecto ao 2007, tendo nalgúns ámetos que xustificar en menos de 6 meses]

ÁMETO MATERIAL:

Convocatoria 2007: Establécense tres programas:

- Axudas para **gastos ordinarios de funcionamento**.
- Axudas para realización de **actividades de promoción e divulgación ambiental**, en cuestións relacionadas coas competencias da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Investimentos** realizados polas ditas entidades que posibiliten a súa participación no eido ambiental.

Convocatoria 2008: Establécense os seguintes tipos de axudas:

- Para **gastos de funcionamento de carácter ordinario**, no exercicio 2008.
- Para a realización, nos exercicios 2008 e/ou 2009, de **programas de actividades de educación, promoción, difusión e defensa dos valores ambientais** en todas aquelas cuestións directamente relacionadas coas competencias da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Para **investimentos**, que se realizarán nos exercicios 2008 e/ou 2009, destinados a dotar de **infraestruturas** que favorezan unha actividade estable das **federacións de carácter ambiental**.

[Na convocatoria de 2008 o apartado “investimentos” é exclusivo para as federacións, que, no entanto, poden concursar tamén e recibir financiamento nos demais apartados]

IMPORTE:

Convocatoria 2007:

1. Gastos ordinarios de funcionamento, ata o 100% do custo, cun máximo de **18.000 euros por entidade**.
2. Accións de promoción e divulgación, ata o 100% do seu custo, cun máximo de **12.000 euros**.
3. Investimentos materiais, ata o 100% do seu custo, cun máximo de **30.000 euros por entidade**.

Convocatoria 2008:

a) Gastos de funcionamento de carácter ordinario no exercicio 2008:

a1) Ata **6.000 €** por cada entidade

[Un terzo do adicado en 2007 (18.000€)]

a2) Ademais, no caso das **federacións**, ata **2.500 € adicionais por cada entidade federada e inscrita no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, cun límite máximo de 70.000 € por federación.**

[Deste xeito, unha federación recién constituída e que por exemplo esté integrada por 33 asociacións, correspóndenlle teoricamente $2.500 \times 33 = 82.500 \text{€}$, aínda que só recibirá un máximo de 70.000€]

b) Para a realización de programas de actividades de educación, promoción, difusión e defensa dos valores ambientais. Límite: máximo de **10.000 €** por entidade e cada un dos exercicios 2008-2009.

[En 2007, entre actividades e investimentos o máximo era de 42.000€ (12.000+30.000). A contía deste apartado é sumamente escasa tendo en conta que a maioría de entidades ecoloxistas adican a maior parte dos seus recursos á realización de proxectos e actividades, e non ao mantemento da súas estruturas. A Educación Ambiental, perde deste xeito moito peso dada a contía cuase ridícula do orzamento subvencionábel]

c) Para investimentos que realizarán as **federacións** de carácter ambiental: ata **2.500 € por cada entidade** adherida á federación e inscrita no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, cun límite de **70.000 €** por federación. Estas contías enténdense **para cada un dos exercicios 2008 e 2009.**

[Apartado exclusivo para federacións. Para unha federación recién constituída e que por exemplo esté integrada por 33 asociacións, correspóndenlle teoricamente $2.500 \times 33 = 82.500 \text{€}$, aínda que só recibirá un máximo de 70.000€ por anualidade até un total de 140.000€ A isto habería que unir outros 70.000€ do apartado a2) -gastos de funcionamento- e outros 10.000 máis por anualidade, isto é 20.000, do apartado b) –actividades-, ao que tamén poden concorrer. En total podería recibir até **230.000 €**]

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Convocatoria 2007:

1. Gastos de funcionamento:

-**Actividades desenvolvidas nos dous últimos anos:** ata 30 puntos.

-**Ámbito territorial** da entidade: ata 20 puntos.

-**Medios propios, humanos e materiais**, cos que conta: ata 15 puntos.

-**Persoal voluntario:** ata 15 puntos.

-**Orzamento do ano anterior:** ata 10 puntos.

-**Antigüidade** da entidade: ata 10 puntos.

2. Investimentos:

-**Contido** (obxecto, carácter innovador, beneficiarios e orzamento): ata 40 puntos.

-**Desenvolvemento conxunto** por varias entidades: ata 10 puntos.

-**Porcentaxe de recursos propios** aplicados: ata 10 puntos.

Ademais, cando o investimento se dedique a unha actividade:

-**Difusión dos programas da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:** ata 15 puntos.

-**Actuación en zonas de especial interese ambiental**, sempre que esta se poida vincular á antedita circunstancia: ata 15 puntos.

-**Experiencia** en accións similares: ata 10 puntos.

3. En todo caso, as solicitudes terán que acadar un **mínimo de 35 puntos** para poder acceder ás axudas desta orde. Non obstante, cando se refira a un investimento non asociado a unha actividade, a puntuación mínima necesaria será de 25 puntos.

Convocatoria 2008:

-Tipo a). Gastos de funcionamento:

i) *Utilización do galego na actividade cotiá da entidade: de 0 a 10 puntos.*

ii) **Proxecto de actividades** para desenvolver no exercicio a que corresponde a convocatoria: de 0 a 10 puntos.

iii) *Contido e presentación dos orzamentos da entidade, correspondentes ao exercicio a que corresponde a convocatoria: de 0 a 10 puntos.*

Como mínimo, as entidades deberán acadar 15 puntos para poderen recibir axuda.

[Non se valora nin a traxectoria, nin a antigüidade, nin o ámbito territorial da asociación, nin os medios propios, nin os voluntarios/as que move, nin os recursos económicos que adica aos proxectos ambientais. En definitiva, **non se valora a solvencia** dunha entidade á hora de recibir fondos públicos. Deste xeito, calquera asociación recién constituída cun número de socios/as mínimo, sen traxectoria previa nen criterios que avalen a súa solvencia, está nas mesmas condicións que entidades con milleiros de socios, persoal propio, décadas de traxectoria, experiencia e compromiso ambiental probados. Abonda con presentar un proxecto de actividades (o que se quere facer) e un orzamento (algo virtual) do ano en curso, para estar nas mesmas condicións que entidades con balanços anuais públicos e verificábeis, gastos demostrábeis (reais) e solvencia probada mediante auditorías no manexo tanto de fondos propios como públicos.

A este apartado poden, ademáis dos grupos ecoloxistas, concursar tamén as federacións malia ter un ámbito exclusivo de participación.]

-Tipo b). Actividades:

i) **Interese ambiental** do programa: de 0 a 10 puntos.

ii) **Coherencia e viabilidade técnica e económica** do programa: de 0 a 10 puntos.

iii) *Actividades do programa para realizar en zonas da Rede Natura 2000 ou en localidades incluídas no perímetro de parques naturais: de 0 a 10 puntos.*

iv) *Actividades de difusión dos programas da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: de 0 a 10 puntos.*

v) **Programas específicos de educación e sensibilización ambiental** nos eidos da conservación dos recursos naturais, a xestión da auga, a xestión de residuos ou a sustentabilidade: de 0 a 10 puntos.

vi) *Programas de actividades que impliquen a participación voluntaria activa: de 0 a 10 puntos.*

vii) *Pola utilización do galego na realización da actividade: 10 puntos.*

Como mínimo, as entidades deberán acadar 30 puntos para poder recibir axuda.

[As actividades é o capítulo que presenta um baremo mais obxectivo, agás que non se valora a solvencia, medios propios, persoal e experiencia do colectivo/federación para acceder ao financiamento]

-Tipo c). Inversións das **federacións**:

i) **Interese** do proxecto de investimento: ata 10 puntos.

ii) **Proxecto de actividades** para desenvolver no exercicio a que corresponde a convocatoria: de 0 a 10 puntos.

iii) *Contido e presentación dos orzamentos da entidade, correspondentes ao exercicio a que corresponde a convocatoria: de 0 a 10 puntos.*

[Este apartado, o de inversións, é exclusivo para federacións e ten case os mesmos criterios que o apartado a) de gastos de funcionamento, de xeito que as subvencións para compensar os **gastos reais auditábeis** das asociacións e federacións xa consolidadas e de longa traxectoria teñen a mesma consideración para a administración que as **propostas** (inversións) presentadas por calquera federación constituída onte, sen experiencia na realización de actividades. E ao igual que no apartado a) –gastos de funcionamento- hai tamén unha preocupante **carencia de criterios obxectivos** á hora de conceder cartos públicos ás federacións (nun apartado coa contía máis alta, até 140.000€), de xeito que estas non necesitan acreditar a súa solvencia para levar adiante os investimentos propostos.]